

RESOLUCIÓN SOBRE AS ENTIDADES SELECCIONADAS NAS CONVOCATORIAS DA ÁREA DE CULTURA PARA IMPARTIR OBRADOIROS E AULAS NO CURSO 2025/2026

A Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte (VDCD) da Universidade da Coruña (UDC) fai pública a lista das entidades seleccionadas na resolución das convocatorias da Área de Cultura que se relacionan a continuación, publicadas o 31 de xullo de 2025 no taboleiro electrónico oficial da UDC:

- Convocatoria para contratar a impartición dos obradoiros culturais.
- Convocatoria para contratar a impartición da Aula de Danza.
- Convocatoria para contratar a impartición da Aula de Música.
- Convocatoria para contratar a impartición da Aula de Teatro.

Unha vez rematada a fase única na que a comisión de selección valorou a documentación presentada para as solicitudes admitidas, procédese a publicar a lista de entidades seleccionadas:

SOLICITANTE	TIPO DE PROPOSTA	ACTIVIDADE
Laboratorio Escénico	Aula de Danza	Aula de Danza
Rock School Coruña	Aula de Música	Aula de Música
Cunde Sociedade Cooperativa Galega	Aula de Teatro	Aula de Teatro
E-Me. Gestión integral de comunicación	Obradoiro de continuidade	Escritura creativa 1 e 2
Kraken Media SL	Obradoiro de continuidade	Curso de iniciación ao guión
Kulturbegui Cooperativa	Obradoiro de continuidade	A fotografía como excusa para relacionarse coa realidade
Laboratorio Escénico	Obradoiro de continuidade	Danza Contemporánea
Rock School Coruña	Obradoiro de continuidade	Obradoiro de canto e técnica vocal
Espacio Peculiar	Obradoiro de proposta libre	Achegamento práctico á arte contemporánea (1º cuatrimestre)
Espacio Peculiar	Obradoiro de proposta libre	Do manuscrito ao libro. Autoedición práctica en papel, e-book e audio (2º cuatrimestre)
Cunde Sociedade Cooperativa Galega	Obradoiro de proposta libre	Laboratorio de artes performativas e xénero (2º cuatrimestre)

As entidades seleccionadas deberán asinar o contrato no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución. De non o facelo, a VDCD poderá adjudicar o contrato a outra entidade solicitante ou deixalo deserto.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso de reposición no prazo dun mes ou, alternativamente, un recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ambos os prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Asinado dixitalmente pola vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte